

## Cursos de apoio para a preparación das competencias clave 2026

Dende O Servizo de Dinamización, Formación e Emprego da Área de Dinamización Social do Concello de Culleredo vanse levar a cabo accións de formación co obxecto de servir de apoio na **preparación das competencias clave** para acceder aos certificados profesionais de nivel 2 de cualificación profesional para o emprego.

Para obter os certificados profesionais de nivel 2 débese posuir unha formación básica necesaria e para isto é preciso acreditar que se posúen certas titulacións, certificacións ou acreditacións. Cando non se posúen os requisitos académicos necesarios, que é a situación na que se atopan unha grande cantidade de veciños/as de Culleredo en situación de desemprego e demandantes de formación e emprego, existe outra vía de acceso que consiste na superación das probas de competencias clave que organiza a administración.

Estas accións formativas realizadas en anos anteriores, cunha grande acollida por parte dos veciños/as de Culleredo, permitiron que a maioría dos/as participantes superasen as probas e desta forma poidesen ter a posibilidade de acceder aos certificados profesionais de nivel 2.

**Nº DE CURSOS:** 2

### REQUISITOS DE ACCESO:

- Preferentemente empadroados/as en Culleredo.
- Maiores de 16 anos ou que os teñan feitos en 31 de decembro do ano natural en que se celebran as probas.
- Preferentemente en situación de desemprego e inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Non ter formación regrada igual ou superior á ESO, 2º B.U.P., F.P I ou equivalente, nin ter superadas as competencias clave de nivel 2 de lingua galega, lingua española e matemáticas.
- Preferentemente ter presentada a solicitude para participar nas probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación, que convocou a Xunta de Galicia para este ano 2026 ( Procedemento TR306A).

**DURACIÓN DE CADA CURSO:** 40 horas.

### PAZAS OFERTADAS:

Cada curso conta con 15 prazas. O curso que non cubra como mínimo o 80% das prazas poderá ser cancelado.

**ASIGNACIÓN DE PRAZAS:** Por orde de preinscrición, tendo en conta os requisitos de acceso sinalados anteriormente.

**A PREINSCRICIÓN será do 16 ao 20 de marzo de 2026**, a través do formulario web, que atoparás na páxina web do Concello de Culleredo ( [www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)).

**AS LISTAS** provisionais e as definitivas de admitidos/as, poderán consultarse no taboleiro de anuncios do Centro Municipal Pablo Picasso ou chamando ao teléfono: 981 66 42 04

### MÁIS INFORMACIÓN:

Centro Municipal de Formación e Emprego " Pablo Picasso" do Concello de Culleredo.  
R/ Antonio Machado, s/n. O Burgo – Culleredo.  
Tfno.: 981664204

## Procedemento

<b>Prazo de preinscrición</b>	<b>Do 16 ao 20 de MARZO de 2026</b>
<b>Publicación da lista provisonal de admitidos/as</b> Taboleiro C.M. Pablo Picasso.	<b>25 de MARZO de 2026</b>
<b>Presentación de alegacións:</b> Escrito presentado no C.M. Pablo Picasso ou enviado ao correo: formacion@culleredo.es.	<b>25-26 MARZO de 2026</b>
<b>Publicación da lista definitiva de admitidos/as</b> Pax. Web Concello- Taboleiro C.M. Pablo Picasso.	<b>7 de ABRIL de 2026</b>
<b>GRUPO I</b>  <b>LUNS- MÉRCORES</b>	<b>DATA PREVISTA INICIO CLASES: 13/04/26</b> <b>DATA PREVISTA FIN CLASES: 13/05/26</b>  <b>HORARIO</b> : De 9:30 a 13:30 horas ( 4h/dia) <b>luns-mércores</b>  <b>DÍAS LECTIVOS: 10 días</b> <b>Datas previstas de impartición:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>ABRIL: 13-15-20-22-27-29</b></li> <li>• <b>MAIO: 4-6-11-13</b></li> </ul> <b>LUGAR IMPARTICIÓN: CENTRO MUNICIPAL PABLO PICASSO</b>
<b>GRUPO II</b>  <b>MARTES-XOVES</b>	<b>DATA PREVISTA INICIO CLASES: 14/04/26</b> <b>DATA PREVISTA FIN CLASES: 14/05/26</b>  <b>HORARIO</b> : De 9:30 a 13:30 horas (4h/dia) <b>martes e xoves</b>  <b>DÍAS LECTIVOS: 10 días</b> <b>Datas prevista de impartición:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>ABRIL: 14-16-21-23-28-30</b></li> <li>• <b>MAIO: 5-7-12-14</b></li> </ul> <b>LUGAR IMPARTICIÓN: CENTRO MUNICIPAL PABLO PICASSO</b>